



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Como traballar a educación emocional infantil

CONVOCATORIA: Convocatoria autonómico segundo semestre

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	15
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1
DATA MATRÍCULA: Do 27/06/2019 - 08:00h ao 10/07/2019 - 23:55h					

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

Achegar un coñecemento práctico para comprender e desenvolver a educación emocional infantil. O curso baséase nos fundamentos das emocións e a xestión emocional como algo que se aprende nas relacións de coidado (especialmente no ámbito afectivo familiar e educativo) e que é a base da seguridade emocional necesaria para un axeitado desenvolvemento psico-social. Unha parte práctica importante do curso ten que ver con recursos e actividades grupais infantís para potenciar as competencias socio-emocionais.

DESTINATARIOS

Dado o seu carácter práctico resulta especialmente aconsellable para psicólogos, pedagogos, persoal das escolas infantís, educadores/as ou auxiliares coidadores/as e outros profesionais relacionados coa educación infantil, máis aínda para aqueles que traballen con nenos en risco ou con necesidades especiais.

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

Apego, conexión emocional e seguridade

-A seguridade emocional e o seu desenvolvemento na infancia

-“Non se pode non emocionar”. Tipos de emocións e comunicación infantil

-O funcionamento intra-persoal e interpersoal das emocións, círculos viciosos positivos e negativos das emocións

-Fundamentos para traballar con nenos e nenas que teñen dificultades emocionais

Educar dende as emocións – educar dende os afectos

-Principios da intelixencia emocional

-A importancia de xerar un vínculo co neno/nena no contexto educativo

-A educación positiva e as emocións

-A persoa do profesional que traballa na educación infantil

Recursos e actividades para potenciar as competencias socio-emocionais na infancia

-Estratexias e ferramentas para educar dende as emocións

-Recursos e actividades

-Práctica guiada e exercicios grupais

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 17/09/2019 a 26/09/2019

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 26/09/2019 ás 18:30h

DOCENTES NOMEADOS

IRIA GARCIA MARTINEZ

Naiara González Fontenla

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALA DE EXPOSICIÓNS: Os días 24 e 26 de setembro de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 6: Os días 17 e 19 de setembro de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA